

PROPOSTA de LEGER EDUCATIVO

CURSO 2022- 2023
Federación Provincial de ANPAs



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CONCELLERÍA
educación, memoria histórica,
innovación, industria e emprego

| | |
|--------------------------------------------------|----|
| PRESENTACIÓN | 3 |
| PROPOSTA DE LECER EDUCATIVO | 4 |
| DEPORTE NO CENTRO | 5 |
| ARTE E CULTURA NO CENTRO | 8 |
| Obradoiros | 8 |
| Proxectos | 14 |
| IDIOMAS NO CENTRO | 16 |
| ENGLISH LAB | 16 |
| ON PARLE | 17 |
| PROGRAMAS COMPLEMENTARIOS DE OCIO E CONCILIACIÓN | 19 |
| CÓXEGAS | 19 |
| PROGRAMAS VACACIONAIS | 21 |
| Campacole Nadal | |
| Campacole Verán | |
| Summer Talk | |
| CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN | 23 |

A Federación Provincial, integrada en Confapa-Galicia e CEAPA, comezou a súa andaina no ano 1.981 a partir de doce anpas, representando na actualidade a mais de trinta e dúas mil familias.

O noso labor fundamental reside no asesoramento, tanto técnico como xurídico, ás ANPAS asociadas, xunto coa representación de todas elas a través das institucións, funcionando como organismo canalizador das necesidades e reivindicacións, individuais e/ou conxuntas, das ANPAS perante as Administracións.

O desenvolvemento desas tarefas lévanos a realizar actividades diversas: ademais das de carácter regulamentario (Asembleas e Xuntas Directivas), ofrecemos ás nosas ANPAS asesoría técnica permanente e a impartición de cursos de formación para directivos, xornadas para pais e nais integrantes de ANPAS, cursos sobre consellos escolares e ciclos de conferencias sobre temas de interese e actualidade.

Nese ámbito de apoio e desenvolvemento das ANPAS e as súas familias, forma parte dos nosos obxectivos a realización de actividades dirixidas á infancia e xuventude, que nos ten levado desde hai anos a convenir co Concello da Coruña a realización de programas educativos en tempo de lecer.

Todos eses programas desenvólvense no ámbito das actividades extraescolares, noutras actividades complementarias e tamén en períodos vacacionais, sendo premisa e obxectivo común de todos eles a procura dun desenvolvemento integral, tanto a nivel sociofísico como socioafectivo. Hai que ter en conta sempre, que nos estamos a desenvolver no tempo de lecer, e polo tanto, o xogo e a diversión deben estar presentes en todos eles.

Tanto a propia xestión conveniada dos nosos programas como a súa calidade teñen sido e son recoñecidos noutros Concellos e Provincias, asumindo moitos deles o modelo logo de ser coñecido a través de charlas divulgativas na nosa Comunidade e aínda fóra dela.

O que vos presentamos a continuación é a proposta de programas que, baixo este convenio de colaboración co Concello de A Coruña, se presentan para o vindeiro curso 2022/23. Dita proposta abrangue programas de actividades físico-deportivas, programas de actividades artísticas e culturais, programas de idiomas, e programas de conciliación en horario extraescolar, así como programas lúdicos en períodos vacacionais. Todos eles co denominador común de poder realizarse no propio centro educativo e coa colaboración dos equipos directivos e as ANPAS do propio centro educativo.

Desexamos que este amplo abano de propostas sexan do voso agrado.

PROPOSTA INTEGRAL DE LECEP EDUCATIVO

A proposta de lecer educativo da Federación Provincial de ANPAs para o curso 2022/23, enmárcase nun convenio de colaboración co Concello da Coruña. Todas as actividades propostas desenvólvense nos centros públicos da cidade, favorecendo así a conciliación da vida laboral, social e familiar.

Estos programas pretenden ocupar o tempo de lecer da rapazada, con propostas onde o xogo e a diversión serán o aceno de identidade, proporcionando ao mesmo tempo un ocio activo e de calidade.

Os nenos e as nenas terán un amplo abano de experiencias, que lles permitirán completar o seu desenvolvemento integral como persoa, dentro dun colectivo e nun ambiente distendido, socializador e integrador dende tres ámbitos: DEPORTIVO, ARTÍSTICO - CULTURAL, e IDIOMAS, plantexado para acadar os seguintes obxectivos:

- Dotar de calidade o tempo de lecer dos escolares a través desta proposta lúdica de actividades culturais, deportivas e de idiomas.
- Xerar afeccións e despertar sensibilidades a través de diferentes actividades multidisciplinares (culturais, deportivas e de idiomas).
- Fomentar a socialización e a convivencia entre os nenos e as nenas do mesmo ou diferente grupo, respectando aos demais e atendendo así, a diversidade e a tolerancia.
- Desenvolver actitudes, asumir valores persoais e sociais, e respectar as normas de convivencia.
- Divertirse vivenciando de maneira activa, diferentes propostas que atendan as inquedanzas e intereses dos nenos e das nenas.
- Espertar o espírito crítico e reflexivo, afrontando de maneira activa, unha actitude ante a realidade que os rodea, con valores libremente asumidos.
- Empregar o xogo como principal ferramenta metodolóxica: “aprender xogando”.

A proposta integral de ocio e educación baixo os referidos obxectivos abrangue tres liñas diferenciadas e combinables entre sí a través da seguinte oferta de lecer educativo:

- DEPORTE NO CENTRO.
- ARTE E CULTURA NO CENTRO: “Obradoiros” e “Proxectos”.
- IDIOMAS: “English Lab” e “On Parle”.

DEPORTE NO CENTRO

Programa que favorece o desenvolvemento integral do alumnado a través da práctica da actividade física e deportiva.

Os principais obxectivos deste programa son:

- Disfrutar da actividade motriz e deportiva como un medio para sentirse a gusto consigo mesmo e cos demais.
- Participar con independencia do nivel de habilidade alcanzado, aceptando as normas e respectando as diferenzas entre os participantes.
- Adquirir hábitos hixiénicos e saudables directamente relacionados coa práctica de actividades motrices e deportivas.
- Desenvolver as habilidades motrices básicas e aquelas directamente vinculadas ás prácticas deportivas elixidas (especialmente nos últimos cursos de Ed. Primaria).
- Desenvolver as capacidades motrices, con especial incidencia nos elementos fundamentais das perceptivo e as socio-motrices xenéricos (Ed. Infantil), así como os específicos directamente vinculados ás prácticas deportivas (Ed. Primaria).
- Resolver situacións vinculadas a unha práctica deportiva, mediante a selección e o dominio de habilidades motrices.
- Proporcionar aos escolares, a través do deporte, experiencias gratificantes e con sentido, que lles orienten á hora de utilizar adecuadamente o seu tempo libre.

Por todo isto, as propostas están adaptadas ao nivel madurativo dos participantes:

- **En Educación Infantil:** Propostas baseadas na mellora da motricidade xeral a través do xogo. Diferénciase as propostas lúdicas relacionadas co ritmo, a música e o movemento (Xogos Rítmicos) das que non teñen a música como elemento esencial (Xogos Motores). Outras propostas como xogos tradicionais, xogos de taboleiro ou de capoeira, así como o prepatinaxe completan a oferta para esta etapa educativa.

- **En Educación Primaria:** Os primeiros cursos de Primaria óptase polo Predeporte (evolución natural dos xogos motores) e outras propostas como o RITMO (evolución dos Xogos Rítmicos), que se sitúan a cabalo do Xogo e o Deporte. Nos últimos cursos de esta Etapa Educativa se plantexa una práctica máis estruturada a nivel de actividades rítmicas (Baile Moderno, Ximnasia Rítmica) así como propostas deportivas específicas (Baloncesto, Fútbol Sala, Tenis, etc.). Os xogos de taboleiro terán a súa concreción no xadrez, os xogos de capoeira e a prepatinaxe teñen a súa conti-



nidade ao longo desta etapa educativa con contidos máis específicos e complexos que derivarán, por exemplo, en capoeira, patinaxe artístico ou hockey a patíns.

A metodoloxía empregada baséase nun modelo participativo e activo de todos os membros do grupo que, independentemente do seu nivel de habilidade, logre que se sentan a gusto na actividade.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 3 de outubro de 2022 ao 31 de maio de 2023.

DESTINATARIOS

Preferentemente o alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria. Tamén poderá ter cabida o alumnado de E.S.O., Bacharelato e F.P. de Grao Medio e Superior.

RATIO

Mínimo 10 escolares para formar grupo. A partir de 20, desdoblarase o grupo. Os grupos formaranse por tramos de idade de 2 ou 3 cursos consecutivos.

TEMPORALIZACIÓN

2 sesións semanais de 1 hora, distribuídos en días alternos, sempre dentro da franxa horaria de 16:00 a 18:00 h.

HORARIO

A determinar pola ANPA de cada centro educativo.

COTAS TRIMESTRAIS A ABOAR

Aboaranse 3 cotas ao longo do curso 22/23 nos seguintes períodos:

- Período outubro-décembro: 15€ por participante e escola deportiva.
- Período xaneiro-marzo: 15€ por participante e escola deportiva.
- Período abril-maio: 10€ por participante e escola deportiva.

PAZOS E LUGAR DE INSCRICIÓN

Do 12 ao 18 de setembro de 2022.

A inscrición farase en liña a través da seguinte ligazón: www.fedapascoruna.org/inscripciones posta a disposición segundo o centro educativo no que estea matriculado a nena ou o neno participante.

Todos os escolares inscritos aboarán una única cota anual de 4€ en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura a todos os programas de lecer xestionados pola Federación de Anpas para o curso 22/23.

QUE ACTIVIDADES ELEXIR?: As que seleccione a ANPA do teu centro de entre todas as que figuran no seguinte cadro.

Poderán solicitarse outras modalidades deportivas, sempre que o centro educativo dispoña da infraestrutura necesaria para a súa realización. Ditas propostas serán valoradas pola Federación Provincial de ANPAs, quen determinará se se levan a cabo ou non.

DEPORTE NO CENTRO. (Escolas deportivas para o curso 22/23)

| | ED. INFANTIL | | | ED. PRIMARIA | | | ED. SECUNDARIA | | | | | | |
|-----------------------|--------------|----|----|--------------|----|----|----------------|----|----|----|----|----|----|
| | 4º | 5º | 6º | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º | 1º | 2º | 3º | 4º |
| Xogos motores | ✓ | ✓ | ✓ | | | | | | | | | | |
| Predeporte | | | | ✓ | | | | | | | | | |
| Atletismo | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Baloncesto | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Fútbol sala | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Hóckey sala | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Multideporte | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Tenis | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Voleibol | | | | | | | | | | | | | |
| Xogos rítmicos | ✓ | ✓ | ✓ | | | | | | | | | | |
| Ritmo | | | | | | | | | | | | | |
| Baile moderno | | | | | | | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Ximnasia rítmica | | | | | | | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Prepatinaxe | ✓ | ✓ | ✓ | | | | | | | | | | |
| Patinaxe | | | | | | | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Hóckey patíns | | | | | | | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Xogos de taboleiro | ✓ | ✓ | ✓ | | | | | | | | | | |
| Xadrez | | | | | | | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Xogos tradicionais | ✓ | ✓ | ✓ | | | | | | | | | | |
| Deportes alternativos | ✓ | ✓ | ✓ | | | | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Xogos de capoeira | ✓ | ✓ | ✓ | | | | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |
| Capoeira | | | | | | | | | | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ |

ARTE E CULTURA NO CENTRO

O programa de “Arte e Cultura no Centro” é unha proposta de ocio educativo que complementa a xornada lectiva, persegue o desenvolvemento integral (físico, intelectual e social) dos nenos e nenas nunha contorna lúdica, de diversión e entretenemento (aprender xogando) e comprende un amplo abano de actividades artísticas e culturais. Organízanse a través de dúas propostas diferenciadas: “OBRADOIROS” e “PROXECTOS”.

OBRADOIROS

Son actividades multidisciplinares que abranguen diferentes áreas de contidos artísticos e culturais baixo unha estrutura de talleres. Trátase de espertar o interese e desenvolver diferentes habilidades segundo o contido de cada un deles, empregando o xogo como ferramenta educativa e de socialización.

CONTIDOS

Actividades culturais e artísticas coma o teatro, ciencia divertida, lóxica matemática, novas tecnoloxías, animación á lectura, etc.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 3 de outubro de 2022 ao 31 de maio de 2023.

DESTINATARIOS

Escolares de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. A oferta de actividades plantéxase en función dos seguintes tres tramos de idade.

- 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil.
- 1º, 2º e 3º curso de Educación Primaria.
- 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria.

RATIO

Mínimo 10 escolares para formar grupo. A partir de 20, desdoblarase o grupo.

TEMPORALIZACIÓN

2 sesións semanais de 1 hora, distribuídas en días alternos.

HORARIO

A determinar pola ANPA de cada centro educativo, sempre dentro da franxa horaria de 16:00 a 18:00 h.

COTAS TRIMESTRAIS A ABOAR

Aboaranse 3 cotas ao longo do curso 22/23 nos seguintes períodos:

- Período outubro-décembro: 15 € por participante e Obradoiro.
- Período xaneiro-marzo: 15 € por participante e Obradoiro.
- Período abril-maio: 10 € por participante e Obradoiro.

As cotas dos obradoiros de “Mans que falan” e “Acenos” serán as seguintes:

- Período outubro-décembro: 7,5 € por participante e Obradoiro.
- Período xaneiro-marzo: 7,5 € por participante e Obradoiro.
- Período abril-maio: 5 € por participante e Obradoiro.

INSCRICIÓN E PRAZO

Do 12 ao 18 de setembro de 2022.

A inscrición farase en liña a través da seguinte ligazón: www.fedapascoruna.org/ inscriciones posta a disposición segundo o centro educativo no que estea matriculado a nena ou o neno participante.

Os escolares inscritos aboarán unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de Anpas para o curso 22/23.

| INFANTIL 3, 4 E 5 ANOS | PRIMARIA 1º, 2º E 3º CURSO | PRIMARIA 4º, 5º E 6º CURSO |
|---------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
| TEATRO Xogo Dramático | TEATRO Dramatización | COMEDIANTES Teatro. Monólogos |
| COMECOCOS Xogos de Lóxica Matemática | XENIOS Lóxica Matemática | ESCAPE ROOM Pensamento Lóxico-Matemático |
| EUREKA! Ciencia Divertida | ABRACADABRA Ciencia e Maxia | ESCOLA DE MAXIA Matemáticas, Ciencia e Maxia |
| RECUNCHO VERDE Medio Ambiente e Reciclaxe | R QUE R Medio Ambiente e Reciclaxe | ECO ECO Medio Ambiente e Reciclaxe |
| COLORÍN COLORADO Animación á Lectura Contacontos | CANTO CONTO Animación á Lectura Contacontos | RECREARTE Expresión Plástica e Creatividade |
| MANITAS Expresión Plástica e Manualidades | DESEÑO DE SEU Expresión Plástica e Creatividade | ALALÁ Música e Baile Tradicional |
| PASIMISÍ Xogos Populares e Tradicionais | ALALÁ Música e Baile Tradicional | ALALÁ Música e Baile Tradicional |
| | ENREDADOS (*) Novas Tecnoloxías | ENREDADOS (*) Novas Tecnoloxías |
| | MANS QUE FALAN(**) Lingua de Signos | ACENOS(**) Lingua de Signos |

[*] A viabilidade do obradoiro “ENREDADOS” está condicionado a que o centro educativo poña a disposición ou ceda os medios tecnolóxicos necesarios para poder levar a cabo estas sesións.

[**] O obradoiro de “MANS QUE FALAN” e “ACENOS” ten unha duración de 1 hora semanal dada a natureza da actividade.

EDUCACIÓN INFANTIL: 3, 4 E 5 AÑOS




TEATRO. Xogo Dramático

Aproximación ao mundo do teatro a través do xogo dramático, dun xeito lúdico ameno e pracenteiro, usando a voz e a expresión corporal como instrumento de comunicación e expresión de ánimos e sentimento, estimulando a imaxinación e creatividade.



COMECOCOS. Xogos de Lóxica Matemática

A través da variedade de xogos de lóxica matemática como crebacabezas, ilusións ópticas, parellas, enigmas ou xogos de taboleiro, desenvolveranse habilidades cognitivas como a observación, atención, comprensión, memoria, organización, toma de decisións, xestión emocional e velocidade de pensamento.



EUREKA! Ciencia Divertida

Descubrir a ciencia dunha maneira lúdica e divertida, a través da experimentación e a observación directa do mundo que nos rodea, fomentando a creatividade e o pensamento crítico.



RECUNCHO VERDE. Reciclaxe e Medio Ambiente

Actividades recreativas con material de refugallo que ten como protagonista a reciclaxe para tomar conciencia sobre o coidado e conservación do medio ambiente.



COLORÍN COLORADO. Contacontos

Actividade de contacontos que fomenta o gusto pola lectura á vez que potencia a imaxinación, curiosidade e a creatividade introducindoos noutros mundos: reais ou fantásticos. Os contos, historias ou poemas permitirán expresarnos oral e corporalmente; inventando e recreando novos contos e personaxes, apropiándonos das palabras e desenvolvendo así valores estéticos e éticos.



MANITAS. Expresión Plástica e Manualidades

Combinación de diferentes artes plásticas desenvolvendo a creatividade e imaxinación así como o potencial artístico de cada neno ou nena á través da manipulación e experimentación con diferentes materiais e técnicas.



PASIMISÍ. Xogos Populares e Tradicionais

Xogos infantís clásicos ou tradicionais, que se realizan sen axuda de xoguetes tecnoloxicamente complexos, senón co propio corpo ou con recursos facilmente dispoñibles na natureza (area, pedriñas, certos ósos como as tabas, follas, flores, ramas, etc.) ou entre obxectos caseiros ou materiais reciclados.

EDUCACIÓN PRIMARIA: 1º, 2º E 3º CURSO



TEATRO. Dramatización

Experimentar o pracer de facer teatro, mediante o xogo escénico, a improvisación e a aprendizaxe de técnicas teatrais, desenvolvendo a expresión oral e corporal e mellorando a súa capacidade comunicativa, creativa e interpretativa, ademais de traballar habilidades sociais.



XENIOS. Xogos de Lóxica Matemática

A través da variedade de xogos de lóxica matemática como crebacabezas, ilusións ópticas, parellas, enigmas ou xogos de taboleiro, desenvolveranse habilidades cognitivas como a observación, atención, comprensión, memoria, organización, toma de decisións, xestión emocional e velocidade de pensamento.



ABRACADABRA. Ciencia e Maxia

Espertar o interese pola ciencia dunha maneira lúdica e apaixonante como é a maxia, desenvolvendo habilidades mentais e corporais. Aplicar a base do método científico en diferentes procesos, propiciando así unha aprendizaxe significativa do mundo que lles rodea. Resolver problemas de maneira sinxela, crear enigmas, elaborar e ensaiar trucos de maxia tamén desenvolverá ao máximo a creatividade e imaxinación.



R QUE R. Medio Ambiente e Reciclaxe

Actividade recreativa con materiais de refugallo (coma madeira, metal, plástico, pedras, teas, entre outros) que ten coma protagonista a reciclaxe para tomar conciencia sobre o coidado, limpeza e conservación do medio ambiente e a nosa contorna máis inmediata. A posta en práctica das 3 R (Reducir, Reutilizar e Reciclar) e a importancia de separar os lixos, serán os eixos principais desta proposta.



CANTO CONTO. Animación á Lectura. Contacontos

Actividade que trata de espertar a imaxinación, a desinhibición e o interese pola literatura infantil. Realizárase mediante a narración dun conto, a súa escenificación, algo de atrezzo, vestuario e a implicación na historia contada e a creación doutras inventadas. A escoita activa, a comprensión, a súa interpretación e a posta en marcha da imaxinación, son os principais obxectivos desta actividade.



DESEÑO DE SEU. Expresión Plástica e Creatividade

Con materiais reciclables e os propios das manualidade como a goma eva, gummy, feltro, etc. realizarán diferentes producións útiles e que ademais decorarán os seus recunchos favoritos. Aprenderán a deseñar os seus propios complementos e labores de artesanía a través de diferentes técnicas como macramé, costura, trenzado ou estampaxe.



ALALÁ. Música e Baile Tradicional.

Actividade que pon en valor e da a coñecer o mundo tradicional. A través da combinación da música e o baile, iníciárase a os nenos e as nenas na interpretación de instrumentos de percusión, así coma nos ritmos, bailes e o cantos tradicionais. Unha sesión á semana adicárase ao baile e a outra hora á percusión e ao canto.



ENREDADOS. Novas tecnoloxías. (**)

Descubrir e coñecer a utilidade e o manexo das novas tecnoloxías como ferramenta e complemento á formación dos nenos e nenas, iniciándoos no manexo básico do ordenador ou tableta e fomentando o seu uso razoable e responsable. Os contidos serán: - A introdución á informática e contorna Windows; - O procesador de texto; - Presentacións en power point ou outras app; - Internet, procuras guiadas; O correo electrónico. Os contidos desenvolveránse segundo o nivel do grupo.



MANS QUE FALAN. Lingua de signos. LSE (*)

Actividade lúdica e innovadora deseñada para desenvolver as competencias e habilidades necesarias para afrontar o desafío de falar coas mans. A aprendizaxe de LSE levase a cabo a través dos xogos, as cancións e as manualidades. Reforza o desenvolvemento das habilidades sociais e comunicativas dos máis pequenos, aumenta a atención, favorecendo a memoria e a discriminación visual, axuda, promove valores como a empatía, o respecto, a normalización, e mellora a psicomotricidade.

EDUCACION PRIMARIA: 4º, 5º E 6º CURSO



TEATRO. Teatro.

Introdución ao mundo da interpretación onde se traballan habilidades sociais, memorización, autorrealización, expresividade oral e corporal e o desenvolvemento da sensibilidade a través de diferentes técnicas de dramatización, chegando a realizar pequenas funcións teatrais, sketch ou monólogos en clave de humor.



ESCAPE ROOM. Pensamento Lóxico Matemático

Xogo baseado no desenvolvemento das habilidades mentais para a solución de enigmas e problemas. Os nenos e nenas traballando en grupo poñerán en xogo a creatividade e o pensamento crítico para ir superando diferentes probas ou retos e así resolver a proba. O obxectivo é saír dunha sala (pode ser virtual) dentro do contexto e recreación dunha historia, e para iso os xogadores deberán usar todas as súas capacidades intelectuais, creativas e de razoamento deductivo.



ESCOLA DE MAXIA. Ciencia e Maxia

Espertar o interese pola ciencia dunha maneira lúdica e apaixonante como é a maxia, desenvolvendo habilidades mentais e corporais. Aplicar a base do método científico en diferentes procesos, propiciando así unha aprendizaxe significativa do mundo que lles rodea. Resolver problemas de maneira sinxela, crear enigmas, elaborar e ensaiar trucos de maxia tamén desenvolverá ao máximo a creatividade e imaxinación.



ECO ECO. Medio Ambiente e Reciclaxe

Actividade recreativa con materiais de refugallo (coma madeira, metal, plástico, pedras, teas, entre outros) que ten coma protagonista a reciclaxe para tomar conciencia sobre o coidado, limpeza e conservación do medio ambiente e a nosa contorna máis inmediata. A posta en práctica das 3 R (Reducir, Reutilizar e Reciclar) e a importancia de separar os lixos serán os eixos principais desta proposta.



RECREARTE. Expresión Plástica e Creatividade

Coñecer diferentes materiais como feltro, gummy, lá, papel, materiais reutilizados, etc. empregando para iso técnicas como coser, colaxe, estampación, encadernación, etc. para realizar diversas manualidades dando como sempre un espazo a creatividade individual. O obxectivo é potenciar o sentido artístico, a imaxinación e a autonomía e a diversidade de intereses valorando á vez as producións dos compañeiros.



ALALÁ. Música e Baile Tradicional.

Actividade que pon en valor e da a coñecer o mundo tradicional. A través da combinación da música e o baile, iníciárase a os nenos e as nenas na interpretación de instrumentos de percusión así coma nos ritmos, bailes e o cantos tradicionais. Unha sesión á semana adicárase ao baile e a outra hora á percusión e o canto.



ENREDADOS. Novas tecnoloxías. (**)

Descubrir e coñecer a utilidade e o manexo das novas tecnoloxías como ferramenta e complemento á formación dos nenos e nenas, iniciándoos no manexo básico do ordenador ou tableta e fomentando o seu uso razoable e responsable. Os contidos serán: - A introdución á informática e contorna Windows; - O procesador de texto; - Presentacións en power point ou outras app; - Internet, procuras guiadas; O correo electrónico. Os contidos desenvolveránse segundo o nivel do grupo.



ACENOS. Lingua de signos. LSE (*)

Actividade lúdica e innovadora deseñada para desenvolver as competencias e habilidades necesarias para afrontar o desafío de falar coas mans. A aprendizaxe de LSE levase a cabo a través dos xogos, as cancións, e as manualidades. Reforza o desenvolvemento das habilidades sociais e comunicativas dos máis pequenos, aumenta a atención, favorecendo a memoria e a discriminación visual, axuda, promove valores como a empatía, o respecto, a normalización, e mellora a psicomotricidade.

PROXECTOS

É unha actividade na que partindo dun centro de interese ou tema motivador e baixo a metodoloxía de “traballo por proxectos”, desenvolveranse diferentes actividades multidisciplinares nas que os verdadeiros protagonistas serán os nenos e nenas xerando a súa propia aprendizaxe (aprendizaxe significativo) a través da indagación/investigación e experimentación, fomentando á vez o espírito crítico e o traballo en grupo.

CONTIDOS

As actividades terán un carácter multidisciplinar, é dicir, desenvolveranse diferentes contidos coma a expresión plástica, musical, corporal e teatral, a animación á lectura, a lóxica matemática, a actividade motriz, etc.

Os diferentes contidos virarán ao redor dunha temática ou centro de interese que cambiará en cada trimestre.

A elección da temática quedará suxeita a criterio técnico.

A continuación exponse algúns exemplos de posibles centros de interese a abordar nos proxectos:

ARTISTAS URBANOS

MAXIA PARECE,
FÍSICA É

MULLERES
PIONEIRAS

OLÍMPICOS

ECOCHIEF

O CIRCO

INVENTOS NA HISTORIA

ATA O INFINITO....

CONTOS DO REVÉS

O BAILE E A MÚSICA
NO TEMPO

AS ORIXES
DO XOGO

REGRESO AO
XURÁSICO

MULTICULTURAS

OS CATRO
ELEMENTOS

CÓMIC

CRUNIA DE
LENDAS

BRIGADAS
SANITARIAS

EDUCACIÓN
VIAL

METODOLOXÍA

Traballo por proxectos.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 3 de outubro de 2022 ao 31 de maio de 2023.

DESTINATARIOS

Escolares de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. A oferta de actividades plantéxase en función dos seguintes tres tramos de idade.

- 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil.
- 1º, 2º e 3º curso de Educación Primaria.
- 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria.

RATIO

Mínimo 10 escolares para formar grupo. A partir de 20, desdoblase o grupo.

TEMPORALIZACIÓN

Unha sesión de 2 horas continuas á semana.

HORARIO

Venres de 16:00 a 18:00 h. en horario continuado o ininterrompido.

COTAS TRIMESTRAIS A ABOAR

Aboaranse 3 cotas ao longo do curso 22/23 nos seguintes períodos:

- Período outubro-décembro: 18 € por participante e Proxecto.
- Período xaneiro-marzo: 18 € por participante e Proxecto.
- Período abril-maio: 12 € por participante e Proxecto.

As cotas inclúen saídas culturais a espazos ou entidades da cidade ou visitas de persoas de referencia, segundo o proxecto, ao propio centro

INSCRIPCIÓN E PRAZO

Do 12 ao 18 de setembro de 2022.

A inscrición farase en liña a través da seguinte ligazón: www.fedapasacoruna.org/ inscricións posta a disposición segundo o centro educativo no que estea matriculado a nena ou o neno participante.

Os escolares inscritos aboarán unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de Anpas para o curso 22/23.

A actividade de lecer “Idiomas no Centro”, é unha proposta centrada nas linguas estranxeiras, que quere ofrecer a parte máis lúdica do achegamento ás mesmas. Ofértanse dúas propostas: lingua inglesa ENGLISH LAB e lingua francesa ON PARLE.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar o coñecemento dun idioma estranxeiro (inglés ou francés) nun contexto lúdico e o máis ameno posible.
- Adquirir competencia comunicativa en idioma inglés ou francés sobre aspectos centrados na súa faceta oral; escoita e fala.
- Desenvolver unha oferta complementaria, no marco do ensino público, baseada na lingua estranxeira, que favoreza a conciliación da vida familiar e laboral.

METODOLOXÍA

As características que definen a metodoloxía das actividades do programa son: actividade complementaria, contorna lúdica e participación activa do alumnado. Atenderase aos intereses do alumnado, apoiándose permanentemente o contexto nas habilidades derivadas do uso oral do idioma, con actividades enfocadas a resolver necesidades da vida cotiá.

AVALIACIÓN

Será un proceso de avaliación continua. Empregaremos ferramentas de avaliación oral por medio de conversas, de exposicións, de postas en común... para valorar o nivel individual do alumnado.

ACTIVIDADE: ENGLISH LAB

Proposta específica para a lingua inglesa no programa Idiomas non Centro, co obxectivo de adquirir comprensión e fluidez na comunicación oral.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Realizar unha inmersión en lingua inglesa, adaptándose ás características das diferentes etapas educativas e potenciando a vertente lúdica.
- Propiciar a interrelación dos contidos propios da lingua inglesa con disciplinas e actividades atractivas para os e as participantes.
- Mellorar a capacidade de escoita comprensiva a través de recursos baseados en centros de interese que fomenten a participación activa do alumnado.
- Potenciar a expresión oral a través de temáticas que resulten motivantes para os e as escolares, nun contexto de confianza e relaxación.

- Adquirir seguridade e soltura na comunicación oral coa fin de favorecer o seu uso cotián.

ACTIVIDADE: ON PARLE

Proposta específica para a lingua francesa no programa Idiomas non Centro, centrada no descubrimento e a primeira inmersión na mesma, para o alumnado novel, e na adquisición de comprensión e soltura da comunicación oral, para os xa iniciados.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Realizar unha inmersión en lingua francesa, adaptándose ás características das diferentes etapas educativas e potenciando a vertente lúdica.
- Propiciar a interrelación dos contidos propios da lingua francesa con disciplinas e actividades atractivas para os e as participantes.
- Afrontar a primeira aproximación á lingua francesa, tanto para o alumnado nas súas primeiras etapas de formación, como para aquel que nunca tivera contacto antes coa lingua francesa.
- Afianzar e enriquecer o coñecemento que, sobre o idioma francés, posúa o alumnado que xa tivera feito a súa primeira inmersión nesta lingua.
- Potenciar a expresión oral, do alumnado que xa tivera feito a súa primeira inmersión nesta lingua, a través de temáticas que sexan motivantes para os e as escolares, nun contexto de diversión e relaxación.
- Adquirir seguridade e soltura na comunicación oral en lingua francesa, coa fin de favorecer o seu uso cotián no caso do alumnado que xa tivo contacto co idioma.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 3 de outubro de 2022 ao 31 de maio de 2023.

DESTINATARIOS

Escolares de Educación Infantil, Primaria e Secundaria de centros públicos do concello da Coruña agrupados nos seguintes tramos de idade.

- 4º a 6º curso de Educación Infantil.
- 1º a 3º curso de Educación Primaria.
- 4º a 6º curso de Educación Primaria.
- 1º a 2º curso de Educación Secundaria.
- 3º a 4º curso de Educación Secundaria.

RATIO

Mínimo de 10 escolares para formar grupo.

TEMPORALIZACIÓN

2 sesións semanais de 1 hora, distribuídas en días alternos.

HORARIO

A determinar pola ANPA de cada centro educativo (dentro da franxa horaria de 16:00 a 18:00 h.).

COTAS A ABOAR NON CURSO 21-22

- Período outubro-décembro: 45 €
- Período xaneiro-marzo: 45 €
- Período abril-maio: 30 €

INSCRICIÓN E PRAZO

A inscrición farase en liña a través da ligazón: www.fedapasacoruna.org/inscripciones. Do 12 ao 18 de setembro de 2022.

Os escolares inscritos aboarán unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de Anpas para o curso 22/23.



PROGRAMAS COMPLEMENTARIOS DE OCIO E CONCILIACIÓN

A Federación Provincial de ANPAS, co fin de dar resposta ás necesidades de conciliación das familias nos períodos non lectivos, oferta dous programas que se enmarcan tamén, dentro do convenio de ocio subscrito pola Federación Provincial de ANPAS co Concello da Coruña. Estes son : CÓXEGAS E PROGRAMAS VACACIONAIS (Campacoles Nadal e Verán e Summer Talk).

O obxectivo dos mesmos é cubrir a nivel pedagóxico este tempo de lecer, con contidos, valores e actitudes desexables nos escolares, dende una perspectiva lúdica, facilitando ao tempo a conciliación da vida laboral, social e familiar.

CÓXEGAS

O programa Cóxegas é unha proposta que dá resposta á demanda de conciliación familiar e laboral para familias con fillos e fillas escolarizados en centros públicos, en tempo extraescolar durante o mes de xuño.

OBXECTIVOS

- Ofertar una vía de conciliación familiar no propio centro educativo.
- Afianzar hábitos e normas de comportamento en convivencia.
- Favorecer o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo-social e da personalidade dos nenos e nenas a través do xogo e as actividades lúdicas axeitadas a cada idade.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Este programa ofrece ao alumnado a oportunidade de realizar xogos e deportes así como actividades lúdicas de animación teatral, plástica, etc. baixo un enfoque integrador, onde os nenos e as nenas serán os propios protagonistas mediante a creación dunha aventura ao longo destas 3 semanas de duración do programa.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 1 ao 21 de xuño de 2023.

DESTINATARIOS

Escolares de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, matriculados en colexios públicos do concello de A Coruña.

Esta oferta de actividades plantéxase en función dos seguintes tramos de idade: Educación Infantil (4º, 5º e 6º curso) Educación Primaria (de 1º a 6º curso).

RATIO

Mínimo 10 escolares por tramo de idade para formar grupo. A partir de 20, desdoblarse o grupo.

HORARIO

De luns a venres, das 16:00 as 18:00 h.

O horario de asistencia neste programa será o elexido por cada participante no formulario de inscrición.

Neste programa non se contempla a posibilidade da entrada á actividade ás 17:00 h. (sí a saída, sempre e cando o participante teña marcada esa opción na inscrición).

PREZO / CUSTO:

15 € por participante e período.

PRazos E LUGAR DE INSCRICIÓN

Inscrición en liña na seguinte ligazón: www.fedapascoruna.org/inscripciones
Do 1 ao 7 de maio de 2023.

Os escolares inscritos aboarán unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de Anpas para o curso 22/23.



PROGRAMAS VACACIONAIS

Co fin de dar resposta ás necesidades de conciliación das familias nos períodos vacacionais, leva a cabo os PROGRAMAS VACACIONAIS, baixo o formato de campamentos urbanos.

CAMPACOLES (Nadal e Verán)

PERIODO DE REALIZACIÓN

Períodos de vacacións escolares:

- Nadal.
- Xuño (dende a finalización do curso escolar) e xullo. Verán (ata o mes de agosto aproximadamente).

DESTINATARIOS

Alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria matriculado en centros públicos do concello da Coruña no curso 2022/23.

HORARIO

Campacole: De 10:00 a 14:00 h.

Madrugadores (con ou sen almorzo): A partir das 8:30 h

Comedor: Desde as 14:00 h ata as 15:30 h (poderase saír desde as 15:00 h)

COTAS A ABOAR

Existen cotas diferenciadas para cada servizo: campamento; madrugadores con almorzo; madrugadores sen almorzo; comedor.

INSCRICIÓN

Meses de decembro e maio (datas pendentes de concretar).

LUGAR DE REALIZACIÓN

Centros públicos do Concello da Coruña.

INSTALACIÓN E RECURSOS MATERIAIS

A realización dos campacoles supón a apertura dos centros escolares en períodos vacacionais, o que require unha solicitude formal por parte das ANPAS e da Federación á dirección do centro escolar para a súa aprobación en Consello escolar. O cumprimento deste trámite é requisito previo para optar a ser sede dun campacole.

Os espazos que se precisarán serán os seguintes:

- Un aula por grupo constituído
- Un espazo amplo e cuberto para a realización de actividades de movemento, tipo salón de actos ou ximnasio.
- Comedor.

SUMMER TALK

Programa de actividades de dinamización para a mellora da expresión e comprensión oral da lingua inglesa.

As actividades realizaranse a través de propostas lúdicas de carácter multidisciplinar, combinando aulas, recintos ao cuberto e ao aire libre, para potenciar o desenvolvemento da capacidade de escoita comprensiva e a expresión oral en inglés.

Os contidos adaptaranse ao nivel educativo do alumnado facendo fincapé na parte oral.

Usaranse diferentes ferramentas, tendo en conta as idades dos participantes e os seus intereses: música, teatro, cine, deporte, literatura, audiovisuais..., adaptadas ao seu contexto diario, empregando os medios materiais e dixitais a noso alcance.

En cada quenda, un dos días adicarase a unha saída dentro do horario da actividade.

PERIODO DE REALIZACIÓN

Mes de xullo.

DESTINATARIOS

Escolares matriculados en Educación Primaria y ESO en centros públicos do Concello da Coruña no actual curso 22/23.

HORARIO

De 10:00 a 14:00 h.

COTAS A ABOAR

Pendientes de concretar.

INSCRICIÓN

Mes de maio (datas pendentes de concretar)

LUGAR DE REALIZACIÓN

Centros públicos do Concello da Coruña.

INSTALACIÓNS E RECURSOS MATERIAIS

A realización de "Summer Talk" supón a apertura dos centros escolares en períodos vacacionais, o que require unha solicitude formal por parte das ANPAS e da Federación á dirección do centro escolar para a súa aprobación en Consello escolar. O cumprimento deste trámite é requisito previo para optar a ser sede dun campacole.

Os espazos que se precisarán serán os seguintes:

- Un aula por grupo constituído.
- Un espazo amplo e cuberto para a realización de actividades de movemento.

CONDICIÓN XERAIS DE PARTICIPACIÓN*

- Estar matriculado nun centro público do concello da coruña.
- Formalizar a inscrición en liña e aboar a cota das actividades solicitadas.
- Deberán inscribirse un mínimo de 10 participantes para a formación de grupo. A partir de 20, desdoblarse o grupo.
- Se un participante precisase un apoio específico indicárase no formulario de inscrición. Esta solicitude de apoio será estudada pola Federación Provincial de ANPAs para valorar a súa viabilidade.
- Se non se puidese formar un grupo por non chegar ao mínimo de participantes ou non dispor dos recursos humanos, materiais ou instalacións axeitadas, facilitarase aos solicitantes a inclusión noutro grupo xa formado ou ben valorarase conxuntamente coas familias substituír esa actividade por outra que sí cumpra as condicións necesarias para a súa posta en marcha.
- Aboar a cota única de 4€ en concepto de seguro de accidentes que lle dará cobertura en calquera das actividades xestionadas pola Federación de ANPAs no curso 22/23.
- No caso de ser beneficiario da bolsa comedor para o curso 22/23, estará exento do pago da cota da actividade, non así do seguro de accidentes. No momento de facer a inscrición en liña deberase indicar, no apartado correspondente, o NIF/NIE do solicitante da bolsa comedor e o código de asento da bolsa, que figura na solicitude inicial da petición da bolsa.
- Cumprir as normas de convivencia do centro e manter una actitude de respecto no desenvolvemento das actividades. En caso de non cumprirse aplicarase o protocolo sancionador presente no centro educativo ou na ANPA dese centro.
- A falta de asistencia continuada sen xustificación poderá supoñer a expulsión do programa sen dereito a devolución da cota aboada. Esa vacante poderá ser ocupada por outro escolar que a precise por estar en lista de agarda.
- Unha vez comezado o programa, se algún grupo xa formado queda por debaixo da ratio mínima establecida por falta de asistencia dos participantes, non podería continuar, quedando suspendida esa actividade.
- Se unha mesma actividade, para un mesmo tramo de idade, se oferta en dúas franxas horarias diferentes, o participante só poderá escoller unha desas dúas franxas horarias.
- As actividades solicitadas serán escollidas entre todas as ofertadas pola ANPA no centro no que está matriculado.

* Estas condicións xerais de participación manteranse para todos os programas de lecer, agás nos Programas Vacacionais.



INFORMACIÓN

Federación Provincial ANPAS

Rúa Orzán, 21 - 15001 A Coruña

correo electrónico: ocio@fedapascoruna.org

web: www.fedapascoruna.org

web: www.coruna.es/educación

Tel.: 981 202 002